




ANUARIO
DE ESTUDIOS
LITERARIOS
GALEGOS



DIRECTOR

Xoán González-Millán

DIRECTORA ADXUNTA

Dolores Vilavedra Fernández

CONSELLO DE REDACCIÓN

Diana Conchado
Xosé M. Dobarro
Ramiro Fonte
Helena González
Kathleen March
Camino Noia
Xosé R. Pena
Claudio Rodríguez-Fer
Joaquim Ventura
Damián Villalaín

CONSELLO ASESOR

Xesús Alonso Montero (Univ. de Santiago)
Ivo Castro (Univ. de Lisboa)
Itamar Even-Zohar (Univ. Tel-Aviv)
Anna Ferrari (Univ. de Roma)
Xosé Filgueira Valverde (Museo de Pontevedra)
Claude H. Poullain (Univ. de Nice)
Antón Risco (Univ. de Laval-Quebec)
John Rutherford (Univ. de Oxford)
Giuseppe Tavani (Univ. de Roma)
Pilar Vázquez Cuesta (Univ. de Santiago)

DESEÑO

F. Mantecón

Índice xeral

I. ESTUDIOS

- * Para un estudio histórico-xeográfico e tipolóxico da imitación métrica na lírica galego-portuguesa. Recuperación de textos trobadorescos e treveirescos. *Paolo Canettieri / Carlo Pulsoni*..... 11
- * Inventario da produción lírica do primeiro rexurdimento (1840-1863). *Xosé María Dobarro Paz*..... 51
- * Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega. *Xoán González-Millán*..... 67

II. COMUNICACIÓNS

- * Estéticas en combate. Apuntamentos acerca dun cambio cultural e búsquedas de identidade na literatura galega contemporánea. *Burghard Baltrusch*..... 85
- * Literatura, sistema e lectura. *Antón Figueroa* 97
- * Natureza simbólica e exilio interior na poesía galega de Rosalía de Castro. *Derek Flitter*..... 109
- * Os relatos de Castelao e as anteriores elaboracións. Para unha fixación do seu *corpus* narrativo. *Manuel Rosales*..... 123
- * A queimadura branca: aproximación á obra poética de Miguel Anxo Fernán-Vello. *Teresa Seara* 133

III. PANORÁMICAS

* O ensaio. <i>Ramiro Fonte</i>	151
* Estudos sobre literatura medieval galego-portuguesa. <i>Ángela Correia</i>	157
* Narrativa: o caos que precede á orde. <i>Silvia Gaspar</i>	163
* 1994, tempos de medrío e boa saúde na poesía. <i>Helena González Fernández</i>	167
* O teatro, un xénero abandonado. <i>Damián Villalaín</i>	173
* Panorama da tradución literaria en Galicia durante os anos 1993-1994. <i>Xosé María Gómez Clemente</i>	177

IV. LIBROS

* Xesús Alonso Montero. <i>As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane.</i> Xosé M. Salgado	185
* Carmen Blanco. <i>Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1963-1992).</i> Olga Novo	188
* Domingo Blanco Pérez. <i>Historia da literatura popular galega.</i> Helena González Fernández	192
* Anxo Tarrío. <i>Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica.</i> M ^a Camino Noia Campos	196
* <i>Congreso Álvaro Cunqueiro.</i> María Xesús Nogueira	200
* Xesús Alonso Montero/Xosé M. Salgado. <i>Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso.</i> Ramón Nicolás Rodríguez.....	204
* Bieito Iglesias Araúxo. <i>Miss Ourense.</i> Isabel Seoane	208
* Darío Xohán Cabana. <i>Canta de cerca a morte.</i> Diana Conchado ..	211
* Arcadio López Casanova. <i>Noite do degaro.</i> Xosé Manuel Vélez ...	215
* Xosé Luís Méndez Ferrín. <i>Estirpe.</i> Joaquim Ventura	219
* Uxío Novoneyra. <i>Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras.</i> Carmen Blanco	224
* Ana Romani. <i>Das últimas mareas.</i> Carmen Blanco	230
* Cándido Pazó. <i>Raiñas de pedra.</i> Rexina R. Vega	236
* Dante Alighieri. <i>Vida nova.</i> Giuseppe C. Di Scipio.....	239

V. COMPENDIO BIBLIOGRÁFICO ANUAL

1. Bibliografías	245
2. Antoloxías	246
3. Obras de creación	246
4. Historia e crítica	254
5. Reedicións de obras importantes anteriores a 1994	276
6. Traducións.....	278
7. Infantil e xuvenil.....	279
8. Teses e tesañas	282
9. Publicacións periódicas.....	283

INSTRUCCIÓN PARA OS AUTORES	285
-----------------------------------	-----

**Para un estudio histórico-xeográfico e tipolóxico da imitación métrica
na lírica galego-portuguesa.
Recuperación de textos trobadorescos e troveirescos.***

**Paolo Canettieri
Carlo Pulsoni**

Neste artigo preséntase unha tipoloxía completa da imitación métrica e establécese unha teoría orgánica da Kontrafaktur da lírica galego-portuguesa. Os esquemas métricos dos trobadores confróntanse cos dos troveiros occitanos e oiltánicos, utilizando os repertorios de Frank, Tavani e Mölk-Wolfzettel. Finalmente, escóllmanse algúns textos particularmente significativos, para fixar con máis precisión a cronoloxía e a ubicación xeográfica das relacións intertextuais entre os poetas de alén e aquén os Pirineos.

I. KONTRAFAKTUR E IMITACIÓN MÉTRICA

Logo dos traballos realizados por H. Spanke, F. Gennrich, I. Frank, F. M. Chambers, J. H. Marshall, e H. H. Räkel pódese considerar consolidada xa a importancia dos estudos na lírica medieval das diversas formas de imitación métrica e mais da reutilización total ou parcial das melodías en textos poéticos diferentes daqueles para os que foron compostas orixinalmente¹. Para tales estudos cómpre unha terminoloxía técnica apropiada, que dea conta da ampla articulación das diferentes formas de recuperación: o termo alemán *Kontrafaktur*, adoptado na constatación dalgúns casos non pertencentes ó medioevo xunto ás varias traducións existentes dos mesmos, aínda que mantén relación cunha tradición de importancia en absoluto secundaria, vén sendo na actualidade o único que se emprega, malia a súa falta de precisión e univocidade e malia contar tamén con varios rivais mesmo no traballo de Gennrich. Vaia por diante que os casos de recuperación melódica só poden ser documentados no eido da lírica onde a tradición manuscrita proporciona a notación musical dos textos, en caso contrario é moito máis difícil a súa constatación. Por esta razón H. Spanke era partidario de utilizar este termo dun xeito moito máis restrictivo, para referirse soamente ós casos nos que o texto melódico é evidente, ben sexa a través do texto fonte, ben a través da propia imitación; J. Marshall, pola súa banda, adoptou unha terminoloxía que se adapta mesmo ós casos de *contrafacta* ós que lles falta a melodía. Conforme o filólogo inglés

Só se pode falar de certeza absoluta de estar ante un *contrafactum* no caso en que se conserven dous textos diferentes coa mesma melodía

ou cando o texto da imitación conteña unha referencia explícita ó seu modelo. Polo que respecta ós textos provenzaís, estes casos son realmente excepcionais. Nos máis dos casos, as nosas conclusións dependen de argumentos textuais que só permiten acadar unha certeza relativa. Estamos obrigados a tentar establecer criterios que exclúan, na medida do posible, a coincidencia.

Marshall aclara ademais que a condición necesaria e suficiente para poder falar da existencia da *Kontrafaktur* é a reprodución da “estructura métrica”, entendendo por este termo “a disposición nunha certa orde de versos dun certo número de sílabas de terminación ben masculina, ben feminina”, é dicir, o que se coñece pola denominación de “esquema silábico”. Á reprodución do esquema silábico pódese engadir non só a reprodución (mesmo parcial) do esquema de rima, senón tamén a reprodución das mesmas rimas do orixinal. Lembra Marshall, non embargante, que “os argumentos que non se baseen no esquema de rimas non posúen valor ningún. É posible que un trobador se inspirase nunha determinada construción métrica culta creada por un dos seus predecesores sen que isto supoña a existencia dun *contrafactum*”. O método de avaliación elaborado por Marshall baseándose na lírica trobadoresca está dirixido á verificación da *Kontrafaktur*, deixando nun segundo plano outras formas de imitación métrica. De aquí a formulación do método estatístico:

A utilización ó *mesmo tempo* do esquema de rima e mais da estrutura métrica, ou mesmo a utilización da estrutura métrica *soamente*, indica que o empréstito musical é *posible*. Para que esta posibilidade poida ser considerada unha probabilidade ou unha case-certitude, cómpre que aparezan outros feitos que confirmen este empréstito. Cómpre que a estrutura métrica sexa inusual ou particular, ou que presente un esquema de rimas inédito, ou que comparezan outras particularidades métricas.

Cando non aparecen as notacións musicais son de gran axuda na procura da reprodución melódica, xa que logo, os elementos accesorios, aínda que ningún destes poida excluír *a priori* obviamente o feito de que mesmo en presenza destes elementos a melodía sexa completamente diferente dun texto a outro: moi ó contrario, en moi poucos casos se verifica que textos con notación melódica presenten unha perfecta coincidencia de rimas silábicas e melodías totalmente diferentes. Trátase, daquela, de definir o campo de investigación: se, en efecto, as modalidades das reproducións melódicas son de grande relevo para os musicólogos, para aquel que teña como obxecto de investigación o intertexto e estea interesado nas dinámicas literarias, na transmisión textual e nos diferentes ámbitos de composición e de fruición, o problema é, no fondo, marxinal: neste caso a pertinencia dos estudos da *Kontrafaktur* límitase ós xéneros nos que o fenómeno se realiza con maior frecuencia, ás constantes na frecuencia do fenómeno, a non ser que esteamos xa nun ámbito do estudio da estatística moito máis delicado e subxectivo, á capacidade evocativa da melodía no texto imitado. No resto dos casos, a coincidencia dun esquema de rima ou dun esquema silábico particularmente elaborado poderá considerarse dun interese equivalente ó da *Kontrafaktur*: será o indicio (ou a proba) do coñecemento do texto, da aceptación do autor como modelo, de adhesión estética e de cohesión imitativa.

Por outra parte, crese que mesmo nos ámbitos líricos nos que se pode excluír con certeza a existencia da melodía, subsisten imitacións métricas dun interese indiscutible. Pénsese, por exemplo, na forma métrica da “sextina” lírica: ten a súa orixe

nunha canción do trovador Arnaut Daniel e experimentou xa no século XIII dúas *contrafacta* métricas e moi probablemente mesmo melódicos e foi imitada no plano da permutación palabra-rima no ámbito italiano por Dante e por Petrarca, en réxime de ausencia segura de melodía e en derogación mesmo da coincidencia no esquema silábico: en razón deste segundo tipo de imitación, a súa forma difundíuse por toda Europa. Neste caso emblemático a presenza ou non da melodía é un factor importante soamente no ámbito da lírica trobadoresca e, con todo, non é verificable; a imitación da estrutura, sen embargo, posúe un interese histórico-literario que vai alén do simple ámbito musical. Se partimos deste concepto, se eludimos en suma a centralidade da *Kontrafaktur*, ou se limitamos a súa competencia ó estudio musicolóxico, podemos elaborar un catálogo *neutro* das imitacións, a partir das coincidencias, para establecemos logo varios graos de probabilidade respecto da posibilidade de polixénese do fenómeno. Teremos, daquela, as seguintes posibilidades de coincidencia:

1. Coincidencia total da estrutura de rima
 - a) cunha rima
 - na mesma posición
 - en posición diferente
 - b) con máis dunha rima
 - na mesma posición
 - en posición diferente
 - c) con todas as rimas
 - na mesma posición
 - en posición diferente
 - a1) cunha palabra en rima
 - na mesma posición
 - en posición diferente
 - b1) con máis dunha palabra en rima
 - na mesma posición
 - en posición diferente
 - c1) con todas as palabras en rima
 - na mesma posición
 - en posición diferente
- 1a. Coincidencia total da estrutura de permutación interestrófica.
2. Coincidencia total da estrutura silábica.
3. Coincidencia total da melodía.
4. Coincidencia parcial da estrutura de rima
 - a) cunha rima
 - na mesma posición
 - en posición diferente